OCIO • LIBROS RECOMENDADOS

Intelixencia Artificial para a sociedade

ENTREVISTA A: Fina Paulos e Óscar Rey

"Intelixencia Artificial para a sociedade" é unha ferramenta que dotará ao lector dunha perspectiva clara e meridiana da presencia da Intelixencia Artificial (IA) nas nosas vidas e cara onde se encamiña. Os autores danlle a oportunidade de achegarse á IA a través desta obra divulgativa, para amosarlle un mundo complexo dende unha perspectiva sinxela, para calquera persoa que non goce de coñecementos técnicos avanzados pero, que si quere facer un bo uso da IA na súa vida. Ademais, contén multitude de supostos prácticos que fan un repaso polas ferramentas de IA máis axeitadas para o seu uso en diversas situacións do día a día.



©Ana García
(La Voz de Galicia)

"Intelixencia artificial para unha sociedade" é o primeiro texto informativo en galego publicado sobre este tema. Que atoparán os lectores nas súas páxinas?
O libro está pensado como guía teórico-práctica accesible a todo tipo de persoas, cunha linguaxe sinxela e atractiva, útil en calquera ámbito: educativo, social ou produtivo. Busca achegar o potencial desta revolución tecnolóxica, que xa impacta na forma de vivir, traballar e afrontar problemas sociais, promovendo un uso eficiente e responsable, resaltando a importancia da ética, os valores e o respecto á diversidade, con especial atención á privacidade, seguridade e ao marco normativo vixente.

A materia "Intelixencia Artificial" impártese de forma optativa en 4º da ESO. Cales son os principais retos aos que te enfrontas como docentes en relación a esta nova tecnoloxía, que seguramente non está exenta de polémica?
Un dos grandes retos para o profesorado é manterse actualizado nun campo en constante evolución. É clave tratar cuestións como o impacto no emprego, os sesgos, a privacidade e a seguridade dos datos; fomentar o pensamento crítico no alumnado, evitando unha dependencia excesiva e promovendo a reflexión sobre o uso e os límites da IA. Tamén é un desafío o desenvolvemento de novas competencias docentes e trasladarlle ó alumnado un uso ético da tecnoloxía, afastado do plaxio e do "*copia-pega*".

Cales considerades que son os fitos máis importantes na evolución da IA ata o momento? Onde cres que estamos actualmente en canto ao desenvolvemento da IA?
Destacámolos traballos levados feitos nos anos 40 e 50, especialmente os de Alan Turing, precursor da Informática Moderna. A evolución da IA acelerouse coa mellora da capacidade de procesamento e dos algoritmos, permitindo aplicacións na Medicina, Robótica ou Seguridade. Actualmente, estamos nunha fase de IA estreita ou débil (ANI), que realiza tarefas específicas superando ás persoas en certos ámbitos, como exemplifica ChatGPT.

Como debe prepararse a sociedade para vivir con sistemas cada vez máis intelixentes?
Debemos prepararnos para pór en valor capacidades humanas únicas: intelixencia, empatía, sentido común ou o trato persoal, así como eliminar calquera brecha dixital existente. Cómpre fomentar a transparencia nas decisións da IA e o acceso aos seus beneficios. É preciso manter o espírito crítico e non delegar toda responsabilidade nos sistemas, lembrando que a decisión última debe ser sempre humana.

O pasado 25 de marzo, Galicia converteuse na primeira rexión europea en contar cunha lei que regula o desenvolvemento da IA. Cales son os aspectos máis destacados desta nova lexislación?
A Lei 2/2025, do 2 de abril é pioneira e, marcará tendencia para o resto de administracións. Nela recóllese que "todas as actuacións da Administración galega que impliquen o uso da IA, deben contar cun informe de proxecto que describa o seu funcionamento e características detalladas, incluíndo unha avaliación de impacto relativa aos dereitos fundamentais das persoas". Garántese a supervisión humana en todos os procedementos administrativos que empreguen esta tecnoloxía.

Crearanse a *Oficina de IA de Galicia* e o *Consello Galego de IA*. Tamén se establece a figura do *Comisionado en IA*, encargado de previr, detectar e eliminar riscos e resultados negativos no uso desta tecnoloxía.

➲ **Fina Paulos** é **Óscar Rey** son Profesores de Secundaria, especialidade de Informática, e exercen como docentes no IES Maximino Romero de Lema (Baio-Zas). Autores do libro "Intelixencia Artificial para a sociedade" de Medulia Editorial, colaboran con organismos como a Organización de Estados Iberoamericanos (OEI), EPALE (Plataforma Electrónica de aprendizaxe de adultos en Europa), Colexios Profesionais ou entidades sociais e culturais de España, difundindo a IA.
Fina acaba de ser nomeada "2ª Mellor Profesora de España na Categoría de Educación Secundaria e Bacharelato" nos Premios Educa-Abanca. Ambos forman ao profesorado galego dende o CAFI e os CFR provinciais.

«É preciso manter non delegar toda responsabilidade nos sistemas: a decisión última debe ser sempre humana»